

CONVOCATORIA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN DO RECINTO CONVENTUAL E TEMPLO DENOMINADO CONVENTO DE SANTA CLARA Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, A SÚA INCORPORACIÓN AO MUSEO DE PONTEVEDRA E A SÚA REHABILITACIÓN CON DESTINO A FINS MUSEÍSTICOS, COMPATIBILIZADOS COA APERTURA AO PÚBLICO DO BOSQUE E DA HORTA E PARTE DOS ESPAZOS NON EDIFICADOS

De acordo co disposto na cláusula novena do mencionado convenio, convócaselle a unha reunión da Comisión de Seguimento e Control coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Avaliación do cumprimento do convenio
2. Estado actual das actuacións no convento de Santa Clara
3. Próximas accións e financiamento por parte das administracións
4. Outros asuntos relacionados co convento de Santa Clara
5. Rogos e preguntas

CONVOCADOS

- Por parte da Deputación de Pontevedra:
 - Rafael Domínguez Artime, vicepresidente da Deputación de Pontevedra
 - Carlos Cuadrado Romay, secretario da Deputación de Pontevedra
 - Representante do persoal técnico da Deputación de Pontevedra
- Por parte do Concello de Pontevedra:
 - Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, ou a persoa en quen delegue
 - José Carlos Castiñeira Piñeiro, secretario do Concello de Pontevedra
 - Representante do persoal técnico do Concello de Pontevedra

A reunión da Comisión de Seguimento e Control terá lugar o vindeiro luns 4 de setembro, no Pazo provincial, nunha hora que concretarán ambas as partes.

Pontevedra, 28 de agosto de 2023

Atentamente,

Rafael Domínguez Artime

Vicepresidente da Deputación de Pontevedra